



CONCELLO  
DA  
POBRA DO CARAMIÑAL  
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

## PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE CULTURA

**Genoveva Hermo Santos**, concelleira de Educación, Cultura, Deportes, Medio Ambiente e Servizos Municipais do Concello da Pobra do Caramiñal, formula a seguinte proposta ao Pleno da Corporación:

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega e que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia .

Coa renovación do Padrón Municipal de Habitantes do ano 1996, o rueiro municipal do Concello da Pobra do Caramiñal foi adaptado á Lei de normalización lingüística.

O decreto 189/2003, do 6 de febreiro aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña, e no noso rueiro municipal hai núcleos de poboación que non se axustan ó nomenclátor, e son os seguintes:

Aldeavella, Casaqueimada, Crocha de Poniente e A Mercede.

No nomenclátor da Xunta figuran como:

**Aldea Vella, Casa Queimada, Crocha de Poñente e A Mercé.**

Por todo o exposto propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** nomear os núcleos de poboación mencionados do rueiro municipal como figuran no nomenclátor da Xunta de Galicia.

**SEGUNDO:** dar traslado do acordo ás persoas interesadas, á Oficina de Correos, e ao departamento do Padrón Municipal de Habitantes para a súa rectificación no Instituto Nacional de Estatística.

A Pobra do Caramiñal, á data da sinatura dixital,